

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SETE DE ABRIL DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día sete de abril de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta e un de marzo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 491/09 de dona Susana Raviña Carbia

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 40 mts de lonxitude, no lugar de Marzán de Abaixo en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: recuarase 5 mts respecto do eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ó comezo das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado

de maneira que quede perfectamente rematado e ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts podendo acadar os 1,80 mts a base de tea metálica e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional á cantidade de vinte e catro euros con oitenta e nove céntimos (#24,89#)

2.2.- Instancia nº 490/09 de dona M^a. Soledad Pacheco Milmanda

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio do tellado, colocando uralita e tella, e encintando das catro fachadas, situada en Viño grande en solo de expansión dos núcleos rurais (N2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se producirá a alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oitenta e dous euros con vinte e cinco céntimos (#182,25#)

2.3.- Instancia nº 249/09 de don Fernando García Boquete

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, expón que con data 17/08/00 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Romarís (nº 167/00) e dado que as obras están rematadas, de conformidade co artigo 10.08 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicita a concesión da correspondente licenza de primeira ocupación

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes, que ascenden, á cantidade de noventa (#90,00#) euros

2.4.- Instancia nº 48/09 de don Fernando Salgueiro Canicoba



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, expón que con data 04/04/02 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño (nº 45/02) e dado que as obras están rematadas, de conformidade co artigo 10.08 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicita a concesión da correspondente licenza de primeira ocupación

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes, que ascenden, á cantidade de noventa (#90,00#) euros

2.5.- Instancia nº 572/09 de don Jorge Álvarez Castro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dun cerramento, dunha lonxitude aproximada de 30 mts, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 30 mts de lonxitude, no lugar de Gatente, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: deberase recuar 6 mts respecto do eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo irá revestido e pintado de maneira que queden perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de tea metálica e vexetación.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)


3º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia

3.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de abril do ano que andamos, pola que se eleva a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistentes na construción de edificación multiusos no campo da festa de San Andrés de Trobe, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local á empresa Construmovil Gallega, S.L.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de abril do ano que andamos, pola que se aproba o plan de seguridade e saúde das obras de construción de porche na casa parroquial de San Andrés de Illobre e Peche da pista polideportiva de Paradela, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local presentada pola empresa adxudicataria das mesmas Promotora Matimán, S.L.

A Xunta de Goberno dáse por enterada



4º.- Outros asuntos

4.1.- Circular para a contratación das obras incluídas na 1ª fase da anualidade 2009 do Plan de Cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011

Dáse conta da circular remitida pola Deputación provincial para a contratación das obras incluídas na 1ª fase da anualidade 2009 do plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, dentro das cales figuran as seguintes deste concello:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
<i>Ampliación de la red de abastecimiento en Ponte Ulla</i>	132.853,63
<i>Ampliación de saneamiento en el lugar de Paradela</i>	105.259,75

A Xunta de Goberno de acordo co establecido no cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación das citadas obras, aprobado pola Deputación con data 25/04/2008 e publicado no BOP nº 98/08, do 29 de abril, acorda proceder á súa licitación por procedemento negociado

4.2.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeran a contratación da subministración dun tractor e apeiros

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación mediante procedemento aberto a subministración dun tractor e apeiros financiado con cargo ó convenio asinado coa Deputación Provincial con data dezaioito de decembro de dous mil oito

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta minutos

